



BD gañadora do Correlingua 2018 elaborada polo alumnado de 5ºB de primaria do CEIP Albeiros, Lugo

CONCURSOS DE MANIFESTO, VÍDEO E BANDA DESEÑADA

No Correlingua comezamos o 2019 con moitas ganas de recibir todas as propostas do alumnado galego para os nosos concurso de **manifesto**, **vídeo** e **banda deseñada**. Recordade que todos os traballos deberán desenvolver o lema do **Correlingua 2019: o galego é a fórmula**. As rapazas e rapaces poñen o talento nas súas propostas e nós encargámonos de organizar uns premios á altura, trato feito?

Para participar podedes consultar as bases e cubrir os formularios de inscrición na nosa páxina web correlingua.gal. Recordade facer a inscrición antes do 1 de febreiro de 2019, último día do prazo.

FESTAS FINAIS

O Correlingua 2019 celebrarase en 12 cidades e vilas galegas na primeira quincena de maio. Se aínda non anotastes o voso centro podedes facelo a través dos formularios de inscrición da nosa web correlingua.gal. Xa se inscribiron máis de 7.000 nenas e nenos de todo o país, non o pensades máis e empezade a preparar a vosa participación na festa da nosa lingua!

CANTALINGUA

Cantalingua é o concurso musical do Correlingua no que participan solistas e bandas do país que usan o galego nas súas músicas. A través do espazo na nosa web correlingua.gal/cantalingua/cantalingua-2019 o alumnado poderá coñecer as propostas e votar as súas preferidas para que sexan as que lle poñan música ás festas finais do Correlingua.

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web (www.correlingua.gal), nas páxinas de Instagram e Facebook **Correlingua** e na canle de Youtube **Correlingua TV**. Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico correlingua@gmail.com e correlingua@correlingua.gal